

TOLOSCONTOSCURTOS



SABOROSO SON

DOS

VERSOS SALGADOS

Departamento de Lingua Galega e Literatura

IES Alexandre Bóveda

Vigo

Xuño 2019

“A formiga no carreiro vinha em sentido contrário...”

José Afonso

LIMIAR

Outro ano máis ofrecemos este volume de relatos e poemas para celebrar a creatividade do noso alumnado.

Este ano a participación superou os cincuenta traballos e houbo un número maior de poetas ca de prosistas.

Coma sempre, xunto aos premiados, engadimos aqueles traballos que foron considerados o suficientemente bos para chegaren a esta selección.

Desde o Departamento de Lingua Galega e Literatura queremos agradecer a todo o alumnado participante o seu esforzo creativo e o seu talento para desenvolver historias tan intensas en tan poucas liñas.

TÁBOA

SEM CRISTO	9
Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)	
CAERÁS COMIGO	13
Jimena López Blanco (1º ESO A)	
UNHA AVENTURA MÁXICA	16
Iago Rodríguez (1º ESO A)	
OMNIA VINCIT AMOR	20
Ángel Iglesias Martínez (2º BAC B)	
sous les pavés, la plage	22
Susana Villaverde (1º BAC E)	
NON PODE SER	23
Elsa Lupicki (1º ESO E)	
POSÚO UMHA BELEZA ESTÉRIL	24
Isolda Comesaña Alcaraz (2º Bac E)	
A MINHA É UMHA BELEZA ESTÉRIL	25
Isolda Comesaña Alcaraz (2º Bac E)	
QUE PODO SER MÁIS QUE LOMBRIGA INFECTA?	26
Isolda Comesaña Alcaraz (2º Bac E)	
ODA A MAMÁ LAVANDO A AVOA	27
Sara Faro Lubiáns (2º BAC E)	
náiade	29
Susana Villaverde (1º BAC E)	
O PEIXE ABISAL	30
Lola Díaz Fernández (1º ESO E)	

TOLOSCONTOSCURTOS

SEM CRISTO

Isolda Comesaña Alcaraz (2º BAC E)

PREMIO BACHARELATO

A casa não tinha nome.

Não tinha verbas propias. A casa era umha máquina de fíos que a minha avoa gobernaba valéndose dos seus dedos grosos e manchados. Não podía ser concibida sen as súas pisadas do agro sobre as ervinhas húmidas do xardín ou sen a súa presenza inveterada no sofá sobre o que caían aquelas tardes de fim de semana baldías.

Cando morreu, pasear por aqueles corredores orfos volvérase um acto moito máis espantoso como nunca o foi subir ás escuras ao faiado. A escena quedara inmune ao envelhecer, alguém premera o *pause* no leitor VHS que reproduzira tanto tempo de conflito familiar. O plató quedara estancado num instante de ausencia plástica, ou no decorado dumha obra teatral decimonónica que respeitase a unidade aristotélica do tempo, detida numha especie de transición onde as personaxens acabaram de abandonar o proscenio. Só que, em realidade, não

se refuxiaram nos camerinos, senão que renunciaram ao auditorio pra sempre. O público, pouco a pouco, co silencio da submissão imposta, marchara.

Eu nunca soubem moi bem se pertencia ao público ou se formaba parte do elenco. Víame coma un extraterrestre que aterrara num mundo que xa evolucionara sem mim. Fóra dum núcleo familiar que se cadra xamáis existiu. Iso não era familia nem planeta, era um espectro. Umha aranheira feita com fíos de saliva, que se estremecía e cambiaba de forma constantemente. Era o cuspe dumha desequilibrada mental.

A ninguém de nós nos correspondía aquela casa. Nunca nos pertencera, assim como ningumha pessoa pertence a outra. Cando ela morreu, aquela velha construción pareceu cubrirse cum velo negro, vestir o luto e facer voto de silencio. Deunos as costas. Eu isto podía percebelo a través dos olhinhos da Virxe que colgaba na parede do cuarto onde adoitaba durmir cando ía de visita. No tempo em que a minha altura não rebasaba o pequeno valado que servía de mero sinal de advertencia na fronteira cos terreos do vizinho datrás, os medos xurdían em cada esquina. A medida que ía sumando anos, o terror fora ficando diseminado

em determinadas e concretas localizacións. O cuarto onde durmía era o peor, despois do pánico que se agochaba nas escaleiras que conducían ao rocho. Aquela Virxe observaba todas as minhas noites, á espreita dalgúm mínimo movemento que se convertese automaticamente en pecado mortal. Eu permanecía muito queda, co lençol até o nariz e cumha almofada acompañándome ao meu carón, interpretando o papel da figura salvadora e protectora como sucedáneo do meu pai, que durmía na habitación do lado. A Virxe fitábame con mirada penetrante. Sabía que non era amiga, mais confiaba en que nunca me fixera dano. A minha avoa protexíame. Cando ela morreu, a Virxe estaba chea de carraxe. Notábalho eu. A derradeira noite que pasei alí, o día do enterro, deixouse cair premeditadamente dende o cravo que a penduraba enriba da cama, como cabezal. Á manhá seguinte, abrindo os olhos con parsimonia, sentido o escorregadizo do frío amecendo nos meus pés, atopei aquela mirada de pedra, coa dor flaxelada impresa nela, a culpa danzándolhe nas faccións marmóreas. Cum acto reflexo e cum silencio contido e violento, tapeina coas mantas que me acubilhabam fronte ao frío que campaba por toda parte. O resto da manhá transcorreu de maneira fluída e estranha. O único cambio que eu podía perceber era o empequencemento da

casa. Todo semelhaba ter menos grandiosidade. No entanto, a redución do espazo non interrompía a ausencia que relucía en cada recuncho. Algo inusual ocorría, tan subxacemente que non era quen de reconhecelo. Non podería dizer *a minha avoa está morta*. Era, sinxelamente, a sensación de que ela ía aparecer en calquera intre pola porta, e todo voltaría a reanudarse, a acción continuaría tras darlhe ao *play*.

Mais eu, nós, non estaríamos alí pra o comprobar. Recolhím a minha roupa, gardei algúms contos que levabam nas gavetas do meu cuarto había xa lustros, atirei outros tantos panos de papel enrugados e endurecidos polo seu esquezos na mesinha de noite ao carón da cama onde durmía. Deixei a mochila na entrada, onde estaba a maleta do meu pai, ausente por un instante. Procureino, presa dum desasosego súbito, por ter a repentina conciencia de estar soa numha casa xa alhea. Ele estaba no terraço. O Sol estaba alto, rodeado de pequenas e insignificantes nuvens. O mar acompasaba o seu ritmo coa area, pasiva e anódina. Nada mudara. Abandonamos a casa sen remorsos. Não falamos no curso de tornar aos nosos fogares, mais sei que compartilhábamos a certeza incuestionábel de que voltaríamos. Coma sempre.

TOLOSCONTOSCURTOS

CAERÁS COMIGO

Jimena López Blanco (1º ESO A)

PREMIO 1º CICLO DE ESO

Espertei ás oito e tres minutos da mañá para ir ao colexio. Baixei as escaleiras para ir espertar ao meu irmán maior o cal, como sempre, rosmaba coma un porco. Boteille

un vaso de auga por enriba e el maldiciume a berros. Fun ao colexio coma sempre ás 8:45 horas da mañá e ao chegar sabía o que pasaría hoxe. Pegaríanme.

Todos os días un neno cólleme do pescozo e pégame en moitos lugares do corpo como os seos, cara e abdome. Xa estou acostumada. No primeiro descanso cruzamos miradas e el viu correndo cara a min, como de costume. A miña ollada imparcial cabréalle máis porque el só quere verme sufrir. Porén, eu hoxe non me ía deixar pegar e xa está, estaba farta.

Collín o meu lapis afiado do peto e craveillo na man. Maldiciume igual que o meu irmán, o cal tamén estaba presente mais sen me axudar. Acabei con máis negróns dos normais e cos labios ensanguentados mais non estaba doída, de ningunha maneira.



Non fun á clase de galego, a miña mestra estrañaríase ao verme así e non quería a ninguén que se preocupase por min. Unicamente pasei desapercibida no cambio de clase para coller un coitelo que gardaba sempre na mochila.

No segundo descanso fiquei no baño, calada e pechada.

Ás 2:15 horas fun cara á casa. O meu irmán chegou despois e, por primeira vez dende había tempo, abrazoume. Eu deixei-me querer por unha vez e el díxome que eu fora moi valente. Ese día sorrín moito.

Ao seguinte día fun, coitelo en man, saldar contas. No recreo corrín cara a un baño, o meu perseguidor meteuse comigo e, no seu intento de bater en min, o meu coitelo atravesou o seu estómago deixando unha gran hemorraxia que o volveu tolo. Xustamente o seu mellor amigo entrou no aseo e chamou unha ambulancia. Por pena non morreu.

Pasados dous meses, eu volví do centro psiquiátrico e el volveu ao instituto con visibles molestias. Non dubidou en vir a por min mais desta vez pilloume desprevida e asestoume un golpe que me descolocou totalmente. Arrastroume a unha aula e atoume nunha columna. Agora el levaba un coitelo. Mais neste caso decidiu botalo fóra, pola fiestra. Comezou a falar en latín, lingua

que eu estaba a estudar e entendín que ía facer un ritual satánico. Eu non cría nesas bobadas.

Mandou achegarse a un dos seus “amigos” e repentinamente colleuno do pulso e cortoulle as veas coas que fixo un círculo de sangue no chan. Co pescozo fixo a típica estrela satánica no chan.

Eu estaba alucinando. Matara un compañeiro só para facer unha pintada coa que, polo que supuña, quería matarme. Tentei soltarme mais parei cando o escoitei falar latín outra vez. Despois repasou o sangue con gasóleo e prendeuno.

Del, uns segundos despois, apareceu o mismísimo Satán. Ao principio era sangue e despois unha figura vermella, con cornos, cola e gran lingua: achegouse a min. Agarroume repentinamente e arrastroume cara ao burato. Eu, cun último esforzo, agarrei o culpable desta aparición e arrastreino xunto a min cara ao inframundo chorando pola vida sacrificada e polo meu irmán, o meu querido irmán.



TOLOSCONTOSCURTOS

UNHA AVENTURA MÁXICA

Iago Rodríguez (1º ESO A)

Nunha cidade non moi afastada, vivía unha parella de amigos, Lucía e Lucio. Cando camiñaban polos xardíns do parque, preto do acuario, observaron un obxecto de diferentes cores que brillaba entre as flores brancas que había. Parecía un gran diamante.

- Lucio, mira que obxecto tan estraño!

- Ooohh ! É abraiante!

Os dous ficaron abraiados e decidiron levalo para manipulalo desde moi preto.

O obxecto comezou a tremer nas súas mans e logo foron transportados a un lugar misterioso. Estaban nunha especie de cuarto entre catro paredes de ladrillo, ás escuras, sen portas nin fiestras; frío coma unha pista de xeo de patinaxe , envoltos nunha morea de medos, sentimentos e incerteza.

- Oh, que sucedeu! Onde estamos? Lucio, non podo atoparte!

- Que pasou? Que é isto Lucía? Estou ao teu lado!

- Horror, horror, horroroso! Algo inexplicable!

- Calma, amigo! Seguro que hai unha explicación e pronto teremos a solución.

- Preciso que me abracés, Lucio! Axudárame a sentirme máis segura!.

- Sempre me terás Lucía! Eu xa estou contigo! Escoitas ese son?

- Estase a achegar a nós! É desagradable!, semella que algo vai romper!

As paredes comezaron a estirarse e ensancharse con movementos rápidos: o teito caeu e subiu máis lentamente e o tremor do chan aumentou cada segundo que marcaba o reloxo. A parella permaneceu abrazada e inmóbil no chan, con expresións de pánico nas caras, tentando descubrir algún sinal durante ese espectáculo momentáneo.

Ese cuarto pronto recuperou a calma, pero perdeuno nun curto espazo de tempo.

Agora, as paredes iluminábanse de diferentes cores intermitentemente. Ademais, proxectaron siluetas de libros, persoas, trasnos, árbores ..., creando un ambiente máxico nese lugar.

As cores mostradas entraron no interior da parella, transformadas en sensacións:

- Amarelo: asociada a sensacións intensas que emite o sol: alegría e enerxía positiva.
- Vermello: asociada co amor, entusiasmo e vida, sensacións ofrecidas polo corazón.
- Verde: vinculados á natureza e ás árbores, asocian sensacións de liberdade e calma.
- Laranxa: asociada. á enerxía e ledicia , sensacións derivadas dunha cor cálida.

As cores desapareceron, deixando unha pegada neste espazo, cheo de esperanza, tranquilidade e valentía. Demostrouse pola grande amizade que encheu ese lugar.

- Lucía, xuntos gañamos unha gran batalla; o medo, a desesperación.

- Lucio, tamén loitamos para sementar liberdade, amor e enerxía intensa, que nos permitirá saír de aquí moi pronto.

As catro paredes convertéronse nun gran mosaico de estrelas brillantes, que se reflectían nos corpos da parella. De súpeto, viron unha lúa minguante, acompañada dun importante ser mitolóxico, unha fermosa fada vestida de branco e cunha cara tan

doce coma a dun bebé. A súa misión era axudalos a recoñecer coa súa presenza, sentimentos de pureza, inocencia e bondade, que estaban no interior deles.

Lucía, adormecida, semella escoitar unha música coñecida, mentres unha voz suave lle murmura: "Esperta Lucía, todo é froito da túa imaxinación e dun soño". A rapaza incorpórase da cama e apaga o despertador. O recordo do que viviu, arríncalle un gran sorriso e pensa: "Cando Lucio saiba desta experiencia máxica, sei que me dirá: "Lucía, como pode haber tanta fantasía nun corpo tan cativo?"

"Presinto qué hoxe será un gran día. Sentirei moita felicidade, compartida co meu grande amigo Lucio".

"A amizade verdadeira alegra a vida e a enche de luz. Pode ter que marchar e levar a luz consigo, mais sempre estará presente para iluminar o teu camiño".

"SEMPRE XUNTOS".

Lucía e Lucio.

TOLOSCONTOSCURTOS

OMNIA VINCIT AMOR

Ángel Iglesias Martínez (2º BAC B)


É meu mozo, meu pequerrecho, meu amor, meu anxo...

Visitábao todos os días. Normalmente pola mañá, relativamente cedo.

O primeiro encontro foi unha revelación. Achegouse a min, sen eu darlle de conta, deume os bos días e, nese mesmo intre, namoroume. O seu sedutor sorriso, as súas formas cariñosas, o seu elegante talante... mais, o que o facía realmente único era o seu recendo, envolvente, afrodisíaco.

Segundo pasaba o tempo, decateime de que niongún dos dous coñeciamos o nome do outro, nin o precisabamos. El prefería chamarme *corasón* ou *preciosa*. Eu, simplemente, asentía, rubia de vergoña, como resposta aos seus alcumes.

Mais, e a pesar da felicidade que me producía, advertíase-me continuamente, dos perigos do meu namoro. Que se non me conviña, que se pertenciamos a mundos diferentes, que se



acabaría por me levar unha decepción... Tiña entendido que tamén a el o amolaban con preguntas, tratando de persuadilo para que se “concentrase” e “deixase de facer o histrión”. No entanto, a nosa felicidade era tal que non importaban os desprezos, as chamadas de atención ou os torpes intentos de sinalar o inadecuado da nosa relación.

-Bos días, preciosa. Que tal te atopas esta fermosa mañá? – preguntoume, a modo de saúdo, con eses circunloquios tan parvos.

Nin tan sequera respondín. Sentín acenderse o meu rostro e acelerarse as pulsacións.

-Paíño, deixa de facer o energúmeno e limpa o peixe. E lava o uniforme con vinagre, xa cho teño dito. Os gatos perséguente.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

sous les pavés, la plage

Susana Villaverde (1º BAC E)

PREMIO BACHARELATO

jim morreu e con el o mundo laranxa brillante de pam,
dani non tomou máis a sorbona, agora prefire os parlamentos,
tommie e carlos foron marxidados,
janis expirou con e como heroína
os de vietnam foron os de bosnia,
son os de siria,

pero non olvidemos,
por favor, non olvidemos,
aínda que os seus corpos marcharan,
a súa obra é perenne.
os versos que compuxeron seguen vivos,
incítannos:
cortade leña!
prendede lume!
preparádevos para as barricadas!

non perecerá aquel san francisco, tampouco aquel parís,
feneceremos nas fosas ata crear praia baixo as vosas malditas
lastras.



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

NON PODE SER

Elsa Lupicki (1º ESO E)

PREMIO 1º CICLO DE ESO

Cada vez que o penso

Véxome moi leda

Teño un carácter positivo

Nunca sinto tristeza

A min gustaríame voar

Ir das Cíes ás Ons sen esperar

Ver a natureza desde o ceo

Pasar as nubes coma un raio

Síntome máxica

Teño o poder de amar

Non necesito variña


Facer boas cousas e regresar

Non me ides crer

Falaredes de soño

Feliz, voar, maxia ... Non pode ser!

Xa estou segura, son un unicornio.



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

POSÚO UMHA BELEZA ESTÉRIL

Isolda Comesaña Alcaraz (2º Bac E)

Posúo todo o
marfil afiado,
todos os xuramentos
do eterno credo
aos deuses do meu
estómago

Posúo
a sedución
de ser
enferma
conhezo
as
cámaras de
tortura do universo

A MINHA É UMHA BELEZA ESTÉRIL

A morte acudiu ao
meu regazo e
durmiu como umha
nena
marchou dos meus
brazos e agora
dorme entre as
dedas dos pés
Nos brazos deixou
a pegada
indisolúbel da
súa herdanza
Legoume a
perpetua
enfermidade de
ser hábitat
natural de todos
os deuses

QUE PODO SER MÁIS QUE LOMBRIGA INFECTA?

Sobre nós non hai
ningumha
existencia
infinita máis
que
o eterno fornicio
das minhas
lombrigas e as
túas
escalopendras.

Numha lata de sardinhas vin un útero onde danzaba a única
[verdade:
o desarraigo e o canibalismo amábel.

O que me lateixa é o estómago cando quere sangue novo
e non lhe serve calquera.

Deus naceu sen
mans

Quero prestarlhe as minhas
para así arrincarme os dedos
un a un:

evitar o suicidio de introducilos nos orificios prohibidos das
feridas.

Quero pactos
costelas
fracturadas,
quero cárcere, vento frío.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

ODA A MAMÁ LAVANDO A AVOA

Sara Faro Lubiáns (2º BAC E)

o rábico cuspe da senectude inadmisíbel
sulca o oólito reumático
do curvado busto

o baño torna en xacemento paleolítico:
á orela do río Danubio
mamá banha á avoa

á venus de willendorf
de peitos esvaídos
lanxíndose ante o desacato da gravidade;
penetran coma metralla nun ventre
de fol de toxo, avellentado

mamá esculpe con xabrón
rescata do bloque da vellez a forma humana
coa macha pulimentada da adicación
coa bondade da utillaxe lítica

tala-roza-queima
tala-roza-queima
tala-roza-queima

(é a herexía do primitivismo)

bosquexa a proporción anatómica exacta
na arxila dunha arqueoloxía prehistórica

entón
emerxe a man artrítica
da masa caótica
o alarido desafortunado



do irremediábel avance da enfermidade
coma nun modelado de luz

coa brusquidade espasmódica
a avoa racha a bolsa amniótica
o feto avellentado xorde das augas
case por emanación

eu reconhezo no seu pranto
a prematura vida e inminente morte
pero mamá ri, maxestosamente
e a pulsión da existencia esborrexe
polo sumidoiro

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

náiade

Susana Villaverde (1º BAC E)

bicamos as dríades violadas que habitan nos bosques,
nós, portadoras de loureiros,
conmemoramos as irmás caídas do pobo.

Dafnes do mundo, unídevos!

o Alento Materno aloumiña o noso berce famento de xustiza,
bailemos espidas polo útero común profanado,
roubado no nome dos poderosos.

forasteiros usurpadores que ousades tocar as
alentadoras da natureza, a nós,
Galegas!

nós, mártires dos desexos apolíneos,
estamos reconstruíndo a identidade desarraigada,
venerando o Alento Materno.

redescubriendo os corpos alienados,
a través de prácticas safistas das que non poden ser partícipes.
excitadas, afrodisíacas, sicalípticas, vivas, extasiadas, liberadas,
provocativas, sexuadas

rexurdidas coa Terra, para Terra, para nós, pola Terra.

náiades, dríades, nereidas, oréades, alseides,

reclamamos o propio extirpado: a lingua, o corpo, a terra, a vida.

eles serán obrigados a traballar os campos -eses que maltrataron-

[xa curados, libres de ocupación,

alentados por nós,

Galegas!

nós tomaremos a lingua como arma para a resurrección da nosa

[carne,

nunca máis incorpóreas,

nunca máis nínfulas.



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

O PEIXE ABISAL

Lola Díaz Fernández (1º ESO E)

Mergulleime no mar
E alí puiden atopar
Un gran peixe abisal
Que botaba un gas mortal.

El tiña unha boca enorme
Coa que comía calquera peixe
Que se achegase ao bordo

Nadei ata onde estaba o peixe
Quíxenlle quitar unha foto
E non sei por que se puxo como tolo

